

A DITADURA DE PRIMO DE RIVERA. Golpe de Estado, ideoloxía e Etapas: Delimitación temporal e características principais.

CONTEXTO HISTÓRICO

Os anos 20, enmarcados dentro do período que coñecemos como de entreguerras, caracterizaranse por corresponder a unha época de desenvolvemento económico, notable desde 1923 ata 1929, “os felices anos vinte”. Desde o punto de vista político, a existencia da URSS tralo triunfo dos bolxeviques en 1917, espallará por Europa o medo á difusión do comunismo que virá acompañado pola aparición de réximes autoritarios e do fascismo, tal como sucede en Hungría (Ditadura de Horthy) e Italia (Mussolini). En España, rematada a bonanza económica da 1ª Guerra Mundial, incrementase a conflitividade social (trienio bolxevique, pistolerismo...), ó mesmo tempo que o sistema político vaise descompoñendo (fragmentación partidos políticos, gobernos de concentración efímeros...)

O GOLPE DE ESTADO DE PRIMO DE RIVERA.

Entre as **causas que explican o golpe de Estado de Primo de Rivera** en setembro de 1923 hai que destacar a evidente división e ineficacia dos partidos políticos, a impopularidade e fracaso da guerra de Marrocos, o desastre de Annual, as críticas ós militares e os duros enfrontamentos sociais.

2 factores van ser desencadeantes do Golpe de Estado. Dunha banda a actuación do goberno ó autorizar o pago do rescate dos oficiais que permanecían en mans de Abd-El-Krim, doutra, a investigación do Expediente Picasso na busca de “responsabilidades” do Desastre de Annual que implicaba a ducias de oficiais, incluído o xeneral Berenguer, e que ameazaba coa implicación do propio Rei. Estes factores motivaron a animadversión do exército cara ó goberno e incrementaron a posibilidade dunha intervención militar.

Neste contexto o Rei vai aparecer como o único garante da continuidade política. Alfonso XIII, quen sempre se amosara partidario do exército ante calquera conflito que este tivera cos respectivos gobernos (crises orientais), acabará amosándose partidario dunha solución de forza encabezada por un cirurxián de ferro, que debería remediar os males de España (tal como defendían os rexeneracionistas).

Antes de que se presentaran as conclusións do expediente Picasso, en setembro de 1923, o xeneral Miguel Primo de Rivera lidera un golpe de Estado que establecerá unha ditadura militar. Nun **manifiesto** dirixido ó país xustifica o golpe argumentando que, aínda que ilegal, é unha actuación necesaria para evitar males maiores para a patria. Ademais sostén que conta co apoio xeneralizado dos “homes bos” ante os graves problemas de España que padece desde a perda das colonias en 1898. Acusa á clase política, ós “profesionais” da política, de corrupción e outros males como inseguridade pública, malversación de fondos, crise agraria e industrial e sinala ó comunismo e ó separatismo como males a erradicar. o seu propósito: asumir o poder de forma breve e provisional para rexenerar a vida política corrupta e caciquil da España do momento.

Primo de Rivera preséntase como o cirurxián de ferro, reivindicado por Costa, que co apoio dos “homes bos” pretende rematar cos males que afectan a España e propón os seus obxectivos cuns principios moi semellantes ós rexeneracionistas, é dicir, remate do caciquismo e o desenvolvemento económico como motor de progreso social.

O triunfo do Golpe de Estado de Primo de Rivera ten que ver coa abstención da maioría do exército, coa debilidade do goberno de García Prieto, coa pasividade da opinión pública e coa actitude do Rei (retrasou a súa marcha a Madrid desde San Sebastián, reuniuse antes que co goberno cos seus asesores militares, o que provocou a dimisión de García Prieto e, por último, a concesión do poder a Primo de Rivera).

Sobre o golpe de Estado de Primo de Rivera, a maioría dos historiadores pensan que Primo o que fai é matar un moribundo: un sistema da Restauración esgotado, cunha elite

política desacertada, fracasados os intentos de reforma de Maura e Canalejas, cun caciquismo endémico, co fin da quenda de partidos, coa necesidade de rexeneración e con voces que demandan un cirurxián de ferro... A outra posible interpretación sostén que o golpe militar **afoga uns claros sinais de evolución cara á democracia parlamentaria** que se enxergaba no proxecto de reforma constitucional de **García Prieto** que *promovía unha maior representatividade do Senado, a redución da posibilidade de suspensión das garantías constitucionais, a liberdade de cultos, establecemento dun sufraxio proporcional ó nº de poboación*.

O golpe vai contar con amplos apoios: co dos **militares** (preocupados pola situación de Marrocos, o desprestixio do exército, as responsabilidades por Annual, a ameaza do expediente Picasso); co da **burguesía**, especialmente a **catalá** interesada en rematar co pistoleirismo e frear a ameaza do anarquismo. Co da **oligarquía agraria**, terratenentes andaluces (alarmados pola conflitividade social dos xornaleiros); co da **Igrexa**, co do propio rei **Alfonso XIII** e ata do propio **PSOE** (incremento notable de militantes da UXT, favorecido pola persecución que a Ditadura fará do anarquismo).

O xeneral Primo de Rivera que falou dun goberno de 90 días, acabará liderando a Ditadura máis de 6 anos.

Ideoloxía:

Pódese dicir que a Ditadura de Primo de Rivera caracterízase ideoloxicamente pola ambigüidade, pois pretende contar co apoio de todas as forzas de orde, conservadores, católicos...recorrendo acotío a expresións como a “volta á tradición” ou a volta “ós grandes ideais nacionais”.

O novo réxime que pretenderá implantar, aínda que nun principio se presenta como unha solución temporal, pode definirse como corporativo, intervencionista, antidemocrático e conservador, máis parecido ó das ditaduras europeas da época de entreguerras (Hungría, Polonia, Portugal) que ó fascismo italiano, ó que admiraba e do que toma algúns elementos como o corporativismo ou o autoritarismo.

Como principais trazos pódense destacar:

Principios rexeneracionistas: Preséntase como o cirurxián de ferro que ven a acabar cos males de España, é dicir, o caciquismo e a corrupción (disolve concellos e Deputacións, Lei de incompatibilidades...) e a vella política (Creación da Unión Patriótica e xeneralización dos somaténs)

Autoritarismo e Antiliberalismo: A soberanía vai ser rexida polo Estado, suspende as garantías constitucionais, as liberdades, o Parlamento, a Constitución de 1876...

Nacionalismo español: Imposición do centralismo e defensa da unidade de España (Prohíbe linguas rexionais, bandeiras e símbolos, pecha asociacións nacionalistas..)

Corporativismo social e político: Intervención do estado nas relacións laborais (creación de comités paritarios, nos que participará a UXT), aínda que a diferenza do fascista de Italia respectou o dereito á folga e non encadrou ós traballadores nun sindicato único e oficial. A representación política estableceríase a partir das unidades básicas, familia, concello, provincia.

Outros aspectos a ter en conta son o intervencionismo do Estado na economía (Política proteccionista, monopolios como Telefónica ou CAMPSA) e a estreita relación coa Igrexa Católica coa que existe unha lexitimación mutua, a consideración do catolicismo como elemento integrador de España e o importante papel na sociedade da Igrexa como difusora dos valores cristiáns e da educación (En 1928 ponse fin ó monopolio do estado do Ensino Universitario ó permitir expedir títulos a Deusto e O Escorial).

PERÍODOS DA DITADURA DE PRIMO DE RIVERA

Dentro da Ditadura, podemos distinguir **2 períodos:**

1- O Directorio Militar (setembro 1923- decembro 1925)

2- O **Diretorio Civil** (decembro de 1925, xaneiro de 1930)

1- O **DIRETORIO MILITAR**. (setembro 1923- decembro 1925):

- **Aplicación de medidas represivas**

- **Militarización das Institucións**

- **Institucionalización do Réxime; Primeiras medidas corporativas e centralización. Intervención do Estado na economía e nas relacións laborais. Estatuto Municipal e provincial.**

- **Intento de ampliación das bases do Réxime: Somatén e Unión Patriótica.**

- **Solución do problema de Marrocos. Desembarco de Alhucemas.**

Este período iníciase co triunfo do golpe de Estado. Primo de Rivera imporá **medidas represivas**, como a implantación do Estado de guerra (vixente desde o 14 de setembro de 1923 ó 15 de maio de 1925), a suspensión da Constitución, suspensión das garantías constitucionais, censura de prensa, ilegaliza e persegue a comunistas e anarquistas, reprime ós partidos nacionalistas (impón como únicas a lingua e a bandeira de España), ilegaliza a PNV, Estat Catalá e Acció Catalá e quedan baixo tribunais militares os delitos contra a seguridade e a unidade da patria.

Militariza as institucións, na procura do **control militar sobre a sociedade civil**, substituindo ós gobernadores civís por gobernadores militares e crea os **Delegados gubernativos**, 1 por cada Partido Xudicial, ó cargo de Xefes ou capitáns do exército que teñen como misión vixiar a marcha dos concellos, intervir nos problemas locais e estimular a creación de somaténs.

Primo de Rivera **pretende instaurar un réxime político corporativo a semellanza do Fascismo Italiano**. (como manifesta Alfonso XIII, “ o meu Mussolini”) Unha das características da Ditadura vai ser a **intervención do Estado na Economía e nas relacións laborais**. Crea o **Consello de Economía nacional**, órgano corporativo que regula as medidas protreccionistas do goberno. A demais pretende regular as relacións laborais e desenvolver unha lexislación social creando organizacións de arbitraje e **comités paritarios de obreiros e patróns**.

En 1925 proporá unha reforma da Administración local e Provincial coa aprobación dos Estatutos municipal e provincial. **Estatuto Municipal**, inspirado na Lei de Administración Local de Maura de 1907. Pretendía dotar de maior autonomía financeira e de xestión ós concellos. Permitiría mellorar os servizos, fomentar as infraestruturas e plans de urbanización. Establecía que parte dos concelleiros debían ser elixidos por sufraxio universal e parte por sufraxio corporativo. **Nunca entrou en vigor**.

Non se chegaron a celebrar eleccións ós concellos (a normativa electoral de 1925, rebaixaba a idade de voto ós 23 anos e incluía por primeira vez, so para as eleccións ós concellos, ás mulleres cabeza de familia) polo que todas as autoridades locais foron elixidas polos gobernadores civís. Baixo a explicación dun programa rexeneracionista, co pretexto de “descuaje do caciquismo”, a demolición da vella política e a limpeza dos vicios e corruptelas da Administración, establece por decreto **medidas claramente centralistas**: disolución dos concellos, elección dos vocais entre os maiores contribuíntes e, en 1924, as Deputacións Provinciais serán substituídas por Xestoras.

Durante este período intentará **ampliar as bases do réxime da Ditadura** co espallamento por toda España do **somatén** (milicia armada de “cidadáns sans”, orixinal de Cataluña, que ten por obxecto auxiliar ás autoridades en situacións de alteración do Orde Público) e a creación da **Unión Patriótica** (Partido oficialista da Ditadura, na súa maioría procedentes do Maurismo e do catolicismo político).

Creou a Unión Patriótica como unha organización de orde, propiedade e autoridade que debía cimentar a Ditadura. A militancia na Unión Patriótica foi condición indispensable

para acceder a postos directivos en concellos, Deputacións, gobernos civís e outros ámbitos da Administración..

O feito máis destacable deste período será a **solución ó problema de Marrocos, co desembarco de Alhucemas**. Tralo desastre de Annual, Primo de Rivera pretendía impoñer en Marrocos unha política de volta das tropas a posicións seguras, a redución das forzas militares e a contención do gasto militar. Os ataques de Abd el Krim ó Protectorado francés de Marrocos van mudar esta situación. En xullo de 1925 Francia e España firman un acordo para a intervención no Rif, na que España colabora co desembarco en Alhucemas en setembro. As operacións franco-españolas resultaron todo un éxito e acabarían significando a derrota total das tribos do Rif e Abd el Krim. A vitoria de Alhucemas aportarlle un grande prestixio a Primo de Rivera.

2- DIRETORIO CIVIL.(decembro de 1925, xaneiro de 1930)

- **Consolidación do Réxime. Chegada de ministros civís, pero continúa o poder ditatorial apoiado polo exército.**

- **Intento de creación dun Estado Corporativo a imitación do italiano de Mussolini: Proxecto de Parlamento Corporativo. Asemblea Nacional. Proxecto de Constitución. Organización corporativa do Traballo (comités paritarios)**

- **Prosperidade económica: Felices anos 20. Popularidade do Réxime ata a chegada da Crise de 1929.**

- **Incremento da Oposición: Republicanos, Nacionalistas, Universitarios e Intelectuais, PSOE, Malestar social e incremento de folgas por mor da crise do 29**

- **Perda de apoios: Incapaz de acadar un amplo apoio social (non se consolidan nin o somatén nin a Unión Patriótica). Perde o apoio das organizacións patronais e terratenentes. Perde o apoio do exército e acabará perdendo o apoio do propio Rei.**

En decembro de 1925, consolidada a figura de Primo de Rivera grazas a factores como o control de Orde Público, a bonanza económica, o triunfo en Marrocos... A Ditadura dá un paso adiante na súa consolidación como réxime político e substitúe o Directorio Militar polo Directorio Civil, coa incorporación de políticos civís, Aunós, Calvo Sotelo...nos ministerios de Traballo, Facenda, Fomento co cometido de impulsar o desenvolvemento económico, o investimento público e as reformas sociais necesarias para afianzar o réxime.

Maila incorporación de civís no goberno, **o poder seguiu en mans do Ditador, axudado por mandos militares**, que monopolizaban o orde público. O goberno exercía o poder executivo e lexislativo sen límites, e controlaba totalmente o poder xudicial (As Cortes continuaron pechadas e suspendida a Constitución de 1876). Os cidadáns continuaban sen dereitos cívicos, nin garantías constitucionais.

Segundo o Propio Primo de Rivera o Sistema Parlamentario estaba fracasado e era necesario impoñer un novo réxime, **un Estado Corporativo, inspirado no modelo fascista italiano de Mussolini**. Con ese obxectivo vai propoñer o **proxecto dun Parlamento Corporativo**, tendo en conta as unidades básicas de *familia, concello e provincia*, aprobado en plebiscito, no que por primeira vez puido participar a muller maior de 18 anos (pero non se votaba, firmábanse unhas actas a prol do Ditador).

Creou ademais unha **Asemblea Nacional**, un órgano consultivo ó que se vai asignar o labor de elaborar un anteproxecto de Constitución (redactado definitivamente en xuño de 1929).

O goberno controlaba totalmente a Asemblea, nomeaba ó seus membros (Altos Cargos Estado e Exército, Igrexa, Xustiza, concellos, deputacións, Unión Patriótica, Académicos), establecía o seu funcionamento...

O proxecto de Constitución que acabará por ser aprobado, aínda que non entrará en vigor, **conxugaba caracteres corporativistas** (familia, concello, provincia, Estado) **cos**

principios tradicionais do liberalismo doutrinario: unidade indisoluble da patria, Estado confesional, soberanía compartida de As Cortes e o Rei (xefe do executivo). **Cámara única (metade corporativo, metade sufraxio directo).** Amplas atribucións para un **Consello do Reino** formado por representantes da nobreza, altas xerarquías do Estado, Igrexa e Exército. O proxecto fracasou ante o afastamento da Ditadura de amplos sectores sociais e o seu fracaso de articular desde o exército un novo sistema político.

Tamén establece un **sistema corporativo nas relacións laborais** coa **Organización Corporativa do Traballo en 1926**. Regulamentaba as relacións laborais mediante comités paritarios, presididos por un representante do goberno e con igual número de representantes de patróns e obreiros. A UXT apoiou esta política de regulamentación do traballo e tamén a fixación de salarios polo Estado.

O período da Ditadura **coincidirá coa etapa de prosperidade económica a nivel mundial**, “os felices anos 20”. Vai ser unha etapa de crecemento da produción industrial e agraria. Os distintos sectores industriais víronse favorecidos polo proceso acelerado de urbanización, a extensión da electrificación, incremento da demanda...O Estado apoiou a creación de monopolios, de petróleo (CAMPESA), de teléfonos (CTNE)...cunha importante participación estatal. Ademais impuxo unha política proteccionista coa imposición de fortes aranceis (beneficiou a industria catalá), deu subvencións a empresas e creou institucións reguladoras como o Comité Regulador da Produción Industrial.

Co obxecto de promover o progreso económico o Estado promoveu a construción de infraestruturas, estradas (900 Km de novas estradas ó ano), electrificouse a rede ferroviaria...Iniciou ademais a construción de embalses para o aproveitamento das concas fluviais que permitiron ampliar o regadío, como por exemplo no Ebro que abasteceu a máis de 70.000 Has. O Estado fomentará o Turismo coa creación do Patronato Nacional de turismo e a rede de Paradores Nacionais (Gredos, Oropesa...).

Nun principio a Ditadura achegou unha grande popularidade debido á ausencia de conflitos (represión movemento obreiro, declaración de ilegalidade da folga), a estabilidade gobernamental e o fin da guerra de Marrocos. Aínda que as condicións de traballo dos obreiros non melloraron, incrementouse a sensación de seguridade e benestar debido ós altos niveis de emprego, a estabilidade dos prezos dos alimentos, medidas de protección social(casas baratas, retiro obreiro, servizos sanitarios, descanso dominical...) e unhas relacións laborais marcadas polos Comités paritarios e o paternalismo do Estado. Pero en 1928, xa antes da crise de 1929, apareceron os primeiros síntomas de recesión.

As medidas non solucionaron os problemas de fondo da economía española: O forte proteccionismo mantivo a competitividade dos produtos españois en niveis moi baixos. Na agricultura continuou a baixa produtividade, técnicas de cultivo arcaicas, precarias condicións de vida de xornaleiros, pequenos propietarios e arrendatarios. Os principais beneficiarios do desenvolvemento económico foron a gran burguesía financeira e industrial e os grandes terratenentes.

A oposición e perda de apoios da Ditadura.

A oposición a Primo de Rivera irase incrementando ó mesmo tempo que verá reducidos os seus apoios. Republicanos, Socialistas, intelectuais e universitarios, ós que hai que sumar os grupos ilegalizados como os nacionalistas, comunistas e anarquistas, irán fortalecendo a súa oposición á Ditadura.

En 1926 os partidos republicanos, divididos ata o momento, uníranse na **Alianza Republicana** (Partido Radical de Lerroux, Acción Republicana de Azaña e Pérez de Ayala e os republicanos cataláns de Marcelino Domingo), incrementarán a oposición e ata participarán no complot de Sánchez Guerra. En Galicia nace a **ORGA**, liderada por Casares Quiroga que aglutina a republicanos e nacionalistas, partidarios dunha República democrática e da Autonomía para Galicia. **O incremento do republicanismo** débese tamén as denuncias feitas por Blasco Ibáñez e intelectuais como Unamuno sobre a ineficacia e a corrupción da Ditadura (como os tratos de favor respecto a Juan March-

Tabacalera- ou o asunto de “A Caoba”, muller que recibiu o amparo do ditador ante unha denuncia de extorsión e tráfico de estupefacientes que acabou significando a dimisión do presidente do Tribunal Supremo e o desterro de Unamuno a Fuerteventura).

O PSOE, que nun principio colaborou con Primo participando nas Institucións de Traballo e no comités paritarios, a partir de 1928 empezou a distanciarse do Réxime e en 1929 PSOE e UXT declararon o rexeitamento da Ditadura.

Intelectuais da Universidade como Jiménez de Asúa, Ortega e Gasset, Fernando de los Ríos, pola súa oposición á Ditadura, renuncian ás súas cátedras e, pouco a pouco, as demandas universitarias vanse transformando en mobilizacións contra do Réxime.

Primo de Rivera respondeu coa represión da Universidade: ocupación militar dos centros, a perda de matrícula dos folguistas, a clausura de varias Universidades. Estas medidas contribuíron á oposición dos intelectuais e dunha masa social que empeza a reivindicar xa a democracia e a República. Ademais **desde mediados de 1929 empezou a deteriorarse a situación económica. O número de folgas e a conflitividade social aumentou.** A Ditadura vai responder con numerosas detencións e a clausura de centros obreiros. Este malestar social tamén acabará minando o réxime de Primo de Rivera.

Ó incremento da oposición hai que sumar a **perda de apoios** por parte de grupos sociais que respaldaran ó ditador desde o principio, O fracaso á hora de crear e consolidar un Estado autoritario corporativo está en relación coa **incapacidade de converter en organizacións de masas tanto ós somaténs** (que se converterán en refuxio de caciques e arribistas) **como a Unión Patriótica.** As Asociacións de Propietarios rurais, sindicatos católicos e **Organizacións patronais** acabaron por dar as costas a Primo por mor do desenvolvemento dos comités paritarios agrícolas, as leis de arbitraje laboral e os proxectos de reforma fiscal de Calvo Sotelo e ata o propio Rei (especialmente desde a insurrección do líder conservador Sánchez Guerra) acabará retirándolle a súa confianza. A retirada de apoio máis significativa vai ser a do **exército**, cando entra en conflito co corpo de artillería, que protesta ante a medida de Primo de impoñer o ascenso por méritos de Guerra. As reticencias e protestas do corpo de artillería levan a disolución do Corpo de Artillería, suspensións de emprego e soldos, establecemento da Lei marcial. Aínda que Primo adopta medidas conciliatorias, o número de militares descontentos irá en aumento. En **xaneiro de 1930** Primo consultou cos capitáns xerais na procura dunha “moción de confianza”. A maioría respondeu con ambigüidade ou inhibiuse (o único que lle amosou o seu apoio foi Sanjurjo) e **Primo de Rivera presenta a súa dimisión ó Rei.**

Os Gobernos Berenguer e Aznar: O Rei Alfonso XIII contemplaba a opción de volver á situación anterior á Ditadura. Respalda ó goberno do xeneral Berenguer, pero a realidade é que, ademais dos progresos da oposición (fundamentalmente de Republicanos e Nacionalistas co Pacto de San Sebastián, no verán de 1930, ós que se unirá o PSOE), hai que destacar que xa era inviable a volta ó sistema da Restauración, tanto polos avances da sociedade española (unha España máis urbana e moderna), como pola desunión das propias forzas monárquicas.

A actuación de Berenguer é lenta e ineficaz e terá que abandonar o goberno cando non é aceptada a súa proposta de eleccións xerais. Sucédelle **o Almirante Aznar** que forma goberno cos principais representantes dos partidos monárquicos. O seu obxectivo era a convocatoria de eleccións sucesivas, desde as municipais ata as xerais, co horizonte dunha reforma constitucional. As primeiras, as municipais, xa foron sentidas como un plebiscito entre Monarquía e República e o resultado foi, o triunfo dos concelleiros monárquicos no campo, sobre todo grazas ó caciquismo; pero a vitoria das candidaturas republicanas en 41 das capitais de provincia e nas principais cidades. A Monarquía foi derrotada pacificamente polo pobo que o celebrou por toda España como unha grande festa colectiva.

DOCUMENTOS

Españóis: Chegou para nós o momento máis temido que esperado (porque nos gustaría vivir sempre na legalidade e que ela rexese sen interrupción a vida española) de recoller as ansias, de atender a clamorosa petición de cantos amando a Patria non ven para ela outra salvación que liberala dos profesionais da política, dos homes que por unha ou outra razón nos ofrecen o cadro de desgrazas e immoralidades que comezaron o ano 98 e ameazan a España cun próximo fin trágico e deshonoroso. A tupida rede da política de concupiscencias atrapou nas súas mallas, secuestrándoa, ata a vontade real. (...) Agora reclamamos todas as responsabilidades e gobernaremos nós ou homes civís que representen a nosa moral e doutrina. Basta xa de rebeldías mansas (...). Este movemento é de homes: o que non sinta a masculinidade completamente caracterizada, que agarde sen perturbar os bos días que preparamos para a patria (...).

Non temos que xustificar o noso acto, que o pobo san demanda e impón. Asasinatos (...), atracos, depreciación da moeda (...), rastreiras intrigas políticas tomando por pretexto a traxedia de Marrocos (...); precaria e ruínosa a produción agrícola e industrial; impune a propaganda comunista, impiedade e incultura, xustiza influída pola política, des- carada propaganda separatista (...)

Non vimos a chorar mágoas e vergoñas, senón a poñer pronto radical remedio, para o que solicitamos o concurso de todos os bos cidadáns.

Miguel Primo de Rivera. **Manifesto ao país e ao exército.** 13-09-1923

O novo réxime instaurado tras o golpe de Estado encabezado por Primo de Rivera pretendía ser unha paréntese breve (tres meses *abundan*, dixo) para solucionar os problemas do país e lograr a rexeneración da vida pública.

Esta é unha solución firme, pero non definitiva. É unha paréntese de curación. Queremos borrar todos os vestixios da política desprestixiada e establecer un réxime novo. O directorio asumirá o poder durante quince, vinte, trinta días, o prazo necesario para que o pobo mesmo nos facilite homes públicos civís, pero non pertencentes á clase política, capaces de gobernalo. Para garantir a tranquilidade do país e a nosa independencia durante este período necesitabamos acudir a medidas de excepción. Por iso se declarou o estado de guerra en toda España e en breve suspenderemos as garantías. (...)

Vamos disolver as Cortes. Non co propósito de gobernar sen elas, senón simplemente para ver o modo de elixir outras mellores (...).

Non, non queremos derrogar a Constitución. O que pasa é que probablemente nos veremos obrigados a saltar sobre ela, sempre cun bo propósito. (...)

O Somatén deu un resultado magnífico en Cataluña. (...) Vamos a organizar o Gran Somatén Nacional en toda España. Esperamos que cada rexión nos dea 50.000 homes, e esta será una garda cívica admirable. Para ser somatén basta ser un home honrado e resolto a manter a orde social. Non creo que haxa escaseza de homes desta categoría en España. Ten isto algunha semellanza co fascismo, é indubidable; pero non hai por que chamalo fascismo, tendo o nome de Somatén, que é moi español. Cando o Gran Somatén estea organizado será moi difícil que a mala semente volva a asomar en terra española.

Entrevista a Miguel Primo de Rivera, **El Sol**. 16-9-1923 [castelán]

Que é a Unión Patriótica? A Unión Patriótica é unha agrupación de españois que procuran distinguirse no cumprimento dos seus deberes.

Cales son estes deberes? Estes deberes son: os deberes relixiosos, os deberes sociais, os deberes políticos, os deberes patrióticos.

Cales son os deberes relixiosos? Os que o Catecismo determina.

Cales son os sociais? (...) A santidad da familia; o respecto ao dereito alleo; a difusión da cultura e a protección ao des- valido.

Cales son os políticos? A defensa da Monarquía. O acatamento da autoridade e a disciplina (...). A prestación persoal para o mantemento da orde (...).

Cales son os deberes patrióticos? O coñecemento e divulgación das glorias e do valor histórico de España. A defensa da unidade nacional. O sacrificio persoal para defender a Patria contra inimigos exteriores e interiores (...).

Cal é a orixe da Unión Patriótica? A santa rebeldía do alzamento militar que, baixo as ordes do xeneral Primo de Rivera, salvou España da súa inmediata ruína.

É a Unión Patriótica un partido político? Non é un partido político; é unha organización cidadá encamiñada a manter un programa e persoas que o encarnen e defendan.

Cartilla da Unión Patriótica. 1924

A ditadura de Primo de Rivera tomou unha serie de medidas para a rexeneración da vida política. Entre estas medidas estivo a creación dos delegados gubernativos encargados, en cada partido xudicial, de informar sobre as deficiencias dos concellos e de propoñer remedios.

Nin de día nin de noite se permitirá tirar á vía pública augas sucias, lixo, cinzas, cristais etc. Igualmente, facer necesidades a menor distancia de 200 metros da vila. Queda prohibido que os porcos anden libremente polas rúas. (...)

En honor de vós mesmos: respectádeos e para iso comezade por respectar as autoridades, sacerdotes, mestres e anciáns. Tratade con afecto ao cego, ao desvalido, ao inválido, ao mendigo e ao neno. Saudade na rúa toda persoa de respecto e todo semellante cando vos crucedes con el no campo e camiños, tendo como norma que saudará primeiro o que teña máis educación.

Sede aforradores, pensando en mañá, en posibles momentos de apuro. Non vos embriagueades; o borracho produce asco e desprezo. Fuxide de enfermidades voluntarias que depauperan a raza, que producen fillos tarados ou idiotas.

DELEGADO GOBERNATIVO. **Bando.** 1924 [castelán]

Unha das primeiras actuacións do Directorio militar estivo dirixida contra as reivindicacións dos nacionalistas da periferia peninsular, causa inmediata, segundo o ditador, da maioría dos graves males que padecía España por entender que atentaban contra a unidade do Estado e da patria.

Señor: dos males patrios que máis demandan urxente e severo remedio, é o sentimento, propaganda e actuación separatista, que vén facéndose por odiosas minorías (...)

PARTE DISPOSITIVA. Art.1º. Serán xulgados polos tribunais militares, a partir da data deste decreto, os delitos contra a seguridade e unidade da patria, cando tendan a disgregala, restarlle fortaleza, e rebaixar o seu concepto, xa sexa pola palabra, por escrito, pola imprenta ou por outro medio mecánico ou gráfico de publicidade e difusión, ou por calquera outro acto ou manifestación. Non se poderá izar ou ostentar outra bandeira que a nacional, en buques ou edificios, sexan do Estado, provincia ou municipio, nin en lugar ningún, sen máis excepción que as embaixadas, consulados, hospitais e escolas e centros pertencentes a nacións estranxeiras.

Art. 2º. (...) As insignias, pendóns ou bandeiras tradicionais ou históricas de avoengo patriótico (...) poderán ser ostentadas en ocasións e lugares adecuados sen incorrer en penalidade ningunha. Expresar ou escribir en idiomas ou dialectos as cancións, bailes, costumes e traxes rexionais, non son obxecto de prohibición ningunha; pero nos actos oficiais de carácter nacional ou internacional non poderá usarse polas persoas investidas de autoridade outro idioma que o castelán.

AFONSO XIII. **Real Decreto** [a proposta do Presidente do Directorio Militar, Primo de Rivera.

No intento de instaurar un réxime corporativo, Primo de Rivera constituíu unha Asemblea Nacional de carácter consultivo, que tiña a función de presentar ao goberno as leis constituíntes polas que se debía rexer o novo sistema.

A Asemblea Nacional (...) que se proxecta non será o Parlamento, non legislará, non compartirá soberanías; pero por encargo do Goberno, e aínda por iniciativa propia, colaborará na súa obra con carácter e independencia garantidas pola súa orixe, pola súa competencia e polos seus foros. (...)

Tres grandes núcleos propónse a V.M. que integren a Asemblea. Un, de representantes do Estado, as provincias e os municipios, que son as grandes rodas integrantes da vida nacional. (...) Outro, de representación de actividades, clases e valores. (...) E o terceiro, designado polas Unións Patrióticas e como representación da gran masa apolítica cidadán. (...)

Miguel PRIMO DE RIVERA. **Discurso**. 1926 [castelán]

A lexislación laboral da ditadura primorriverista tiña como finalidade regulamentar as relacións entre o capital e o traballo, solucionar as diferenzas de clase entre os obreiros e patróns, restaurar a disciplina do traballo e incrementar a produción.

Art.3. Para a representación, dentro de cada grupo profesional, nos organismos corporativos, servirá de base o censo da asociación patronal e obreiro establecido polo Ministerio de Traballo e Previsión (...).

Art.4. Aos efectos da organización profesional española, entenderase por Corporación o organismo público que comprenda os comités paritarios (...).

Art.5. Os comités paritarios son institucións de dereito público coa fin primordial de regular a vida da profesión ou grupo de profesións que corresponda (...).

Art.8. Os organismos paritarios (...) serán: 1. Comisións paritarias locais menores. 2. Comités paritarios locais e interlocais. 3. Comisións mixtas de traballo. 4. Consellos de Corporación. 5. Comisión delegada dos Consellos de Corporación.

Real decreto-lei da Organización Corporativa Nacional. 26-11-1926 [castelán]

No contexto xeral do republicanismo e da crecente oposición á ditadura de Primo de Rivera, naceu na Coruña unha nova organización chamada a ter unha importante repercusión estatal, a Organización Republicana Galega Autónoma, liderada por Antón Vilar Ponte e Santiago Casares Quiroga.

Hoxe cada galego sente tan fondo o berro da raza, e de tal maneira solidarízase coas cuestións da súa terra, que xa non se contenta con sentila e amala, senón que se apresta a destacala e impoñela. Galicia ten hoxe, ademais dunha personalidade, unha consciencia dela e da súa misión no mundo (...). Somos federais custe o que custe e republicanos cos ollos pechados, polo que estaremos sempre ao lado e en contacto co resto do republicanismo español, hoxe sostido por un único ideal e perseguindo un obxectivo único que para nós foi e é a razón de existencia: a instauración en España da república federal. (...) Podemos chegar a crear unha España poderosa e, irmandándonos con Portugal, poder conseguir que Iberia alce a súa nobre figura nos futuros Estados Unidos de Europa.

ORGA. **Manifesto**. Outubro de 1929 [castelán]

O erro Berenguer. Non, non é unha errata. É probable que nos libros futuros de Historia de España haxa un capítulo co mesmo título que este artigo. Obo lector, que é cauteloso e alerta, terá xa advertido que o señor Berenguer non é o suxeito do erro, senón o obxecto mesmo. Non se di que o erro sexa de Berenguer, senón máis ben ao contrario: que Berenguer é o erro, que Berenguer é un erro (...) Españois, o voso Estado non existe! Reconstrúide! Delenda est Monarchia [Hai que destruír a monarquía]

Xosé ORTEGA Y GASSET. O erro Berenguer, El Sol. 15-11-1930